

Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa a inseguridade no noso concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En pasados plenos o Partido Popular presentou diversas mocións encamiñadas a mellora da seguridade das persoas e bens dos veciños do noso Concello. A realidade é que seguen a producirse roubos e danos en propiedades así como problemas na convivencia entre veciños, o que demostra a ineficacia das medidas que por parte da Alcaldía se adoptaron.

Por elo o grupo municipal do Partido Popular somete a aprobación do Pleno o seguinte acordo:

A Alcaldía comprométese a adoptar de forma urxente todas as medidas precisas para garantir e recuperar a seguridade e a convivencia dos veciños.

Pobra a 13 Maio de 2017.


Manuel M^a Durán Guillán
Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL**